

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 7 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 24 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2019 da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos colectivos que melloren a eficiencia enerxética nas lonxas pesqueiras, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) (Diario Oficial de Galicia número 152, do 12 de agosto).

De conformidade co establecido no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17.1.b) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das axudas concedidas (anexo) na convocatoria de 2019, con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.514A.781.0 para o financiamento de proxectos colectivos que melloren a eficiencia enerxética nas lonxas pesqueiras, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2020

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

ANEXO

Expediente	NIF	Beneficiaria	Ano 2019	Ano 2020	Total concedido
209E-2019/02	G15047707	Confraría de Pescadores de Corcubión	6.612,50 €	0,00 €	6.612,50 €
209E-2019/04	G15035108	Confraría de Pescadores de Mugardos	3.986,11 €	0,00 €	3.986,11 €
209E-2019/07	G15032642	Confraría de Pescadores de Rianxo	14.386,86 €	0,00 €	14.386,86 €
209E-2019/08	G15043953	Confraría de Pescadores de Cabo de Cruz	0,00 €	6.058,80 €	6.058,80 €

